

The logo consists of the text 'A MESA' in a large, bold, red sans-serif font. To its right, the words 'POA', 'NORMALIZACIÓN', and 'LINGÜÍSTICA' are stacked vertically in a smaller, black, all-caps sans-serif font.

A MESA POA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA

**Proposta de
modelo para a normalización lingüística no
ensino**

PROPOSTA DE MODELO DE NORMALIZACIÓN PARA O ENSINO EN GALIZA

1.-SITUACIÓN ACTUAL

- Van 39 anos desde que se aprobou o Estatuto de autonomía e 37 desde que está en vixencia a Lei de normalización lingüística. No ano 2004, o Parlamento Galego aprobou, por unanimidade, o Plan xeral de normalización da lingua galega. No ano 2009, a Xunta promulgaba o Decreto de plurilingüismo que rexeitaba o dito plan e que significou un retroceso sen precedentes na lexislación e para o ensino en galego. Decreto que contou cun grande rexeitamento social, nomeadamente a comunidade escolar. É dicir, preto de 40 anos con institucións propias e, porén, o noso idioma vai perdendo dereitos.
- O balanço da política lingüística nestes anos non pode ser máis negativo. O ataque e o retroceso no uso do noso idioma nestes 10 últimos anos é grave e permanente. Constátase na redución do ensino en galego, na súa menor utilización polo alumnado e profesorado, na prohibición de impartir en galego Matemáticas, Física e Química e Tecnoloxía e na súa exclusión da maioría das aulas da educación infantil. Nin sequera se cumpriu a xa por si reducida lexislación a prol da nosa lingua. Foron dez anos de belixerancia e retroceso da utilización do idioma no ensino. Urxe a inmediata derogación do Decreto 79/2010 e a aposta por un modelo de normalización lingüística que camiñe cara o uso pleno do galego como lingua vehicular no ensino.
- Todos os estudos e datos publicados durante os últimos anos confirman unha ruptura xeracional cada vez máis agudizada co uso do idioma e confirman que hoxe os galegofalantes xa son minoría na sociedade galega e a súa perda é cada vez maior. É dicir, os informes e as estatísticas acaban por confirmar algo que se percibe directamente nas aulas e nas rúas e que é consecuencia directa das medidas adoptadas e non adoptadas durante estes case corenta anos. En concreto, un dos datos máis alarmantes é o de que unha cuarta parte da poboación escolar manifesta descoñecer a nosa lingua, o que é o mesmo que dicir que a cativa e cuestionábel lexislación que temos está a ser incumprida sistematicamente. Con este panorama é

necesaria e urxente outra política lingüística da Xunta de Galiza que facilite a utilización do galego en todo lugar e situación.

- O proceso histórico de persecución e substitución lingüística sufrido polo noso idioma ao longo da historia provocou un comportamento diglósico da sociedade galega. Para erradicar os diferentes prexuízos, que persisten na actualidade, a infravalorización e a exclusión da nosa lingua, o camiño non é outro que converter o galego na lingua de uso de toda a sociedade. Para isto, necesitamos un proceso de normalización lingüística que supoña recuperar para o galego o status de normalidade que lle corresponde como lingua propia de Galiza.
- Non se pode entender a aposta por un modelo educativo galego, transformador e renovador se non se sustenta na nosa lingua e se identifica coa nosa cultura e identidade colectiva. A educación debe estar sempre inserida na propia realidade para que sexa integradora, liberadora e democrática.
- A ausencia de interese e total desleixo e discriminación polo ensino en galego da Xunta de Galiza contrasta coa a actitude comprometida de boa parte do profesorado que superou as prohibicións e permitiu suplir a falta de vontade política para manter a pouca presenza que o galego ten como lingua vehicular do ensino. Unha actitude que contrasta co feito de que nunca se promoveu un plan de formación para o conxunto do profesorado que abranguese todas as materias e fornecese da competencia e conciencia normalizadora o profesorado.
- A dotación de material didáctico e pedagóxico en galego nos centros é insignificante. A falta de medios audiovisuais, curriculares, informáticos e de libros de texto é case total. De moitas materias de todos os niveis e etapas educativas non hai ningún manual en galego. Non existen libros de texto ou manual para os módulos de formación profesional nin para a educación de adultos. O resultado é que só aquel profesorado que está disposto a realizar un traballo ímprobo prepara os seus materiais para impartir as aulas en galego.
- O ensino continúa sendo determinante na adquisición da competencia lingüística e factor relevante de transmisión e de pautas no comportamento idiomático. Por iso, a normalización lingüística no ensino é imprescindible para promover a normalidade de uso do noso idioma no conxunto da sociedade galega.

- Hoxe continúa habendo máis alumnado que inicia a escolarización falando galego que alumnado que o fala cando a remata. A escola segue a ser un factor de desgaleguización. Cada vez o noso idioma ten menos espazos de socialización e continúa sen percibirse como un idioma útil e necesario. Somos conscientes de que restituír todos os usos e a normalidade para o galego non é doado. Mais, tamén, estamos certos de que para mudar a actual situación de emerxencia que sofre o noso idioma e para avanzar na normalización lingüística só nos queda unha alternativa: o ensino en galego .
- Ante a situación actual de emerxencia lingüística, consideramos que o noso obxectivo esencial e imprescindible, neste momento, é que o galego sexa a lingua vehicular de todo o ensino e, por tanto, que se empregue na docencia de todas as materias e niveis educativos, ao tempo que se impón a necesidade de galeguizar os currículos. Este é o único camiño posíbel para restituír o uso da nosa lingua e garantir o seu coñecemento e a súa utilización por parte das xeracións máis novas.

2.-OBXECTIVOS DO MODELO LINGÜÍSTICO.

- Conseguir a plena normalización lingüística no ensino. Para o que é imprescindible e inaprazábel apostar por un modelo que considere o galego lingua vehicular de todo o ensino e, por tanto, que se empregue na docencia de todas as materias e niveis educativos.
- Promover unha política lingüística que combata a discriminación que sofre a nosa lingua para poder rematar coa súa situación marxinal e camiñar cara á plena normalización.
- Restituír o uso da nosa lingua, garantir a súa supervivencia e o seu coñecemento e uso por parte das xeracións máis novas.
- Lograr que todo o alumnado ao rematar os seus estudos teña plena competencia oral e escrita e unha actitude de aprecio e valoración positiva da lingua propia.

3.-LIÑAS BÁSICAS DO MODELO LINGÜÍSTICO

- O modelo será de aplicación a todo o sistema educativo, tanto nos centros públicos coma nos privados concertados e privados de Galiza. Asumido pola Xunta de Galiza e

aprobado polo Parlamento. Consideraranse o ritmos necesarios para a súa aplicación, previo estudo do contexto sociolingüístico do centro.

- A lingua de uso dos centros escolares será o galego. Todas as comunicacións internas e externas (tanto oral como por escrito), o desenvolvemento dos claustros e das diferentes reunións, os sinais etc, serán en galego.
- As actividades complementarias e extraescolares terán como idioma vehicular a nosa lingua.
- Elaborarase un plan de formación para o conxunto do profesorado que garanta a súa competencia plena para impartir todas as materias e niveis educativos en galego e promova unha actitude favorábel á normalización.
- Dotaranse os centros do profesorado necesario para poder executar con todas as garantías do modelo proposto.
- A administración educativa garantirá material en galego para todas as áreas, materias e módulos profesionais.
- As propostas deste modelo terán traslado á normativa legal correspondente para o seu obrigado cumprimento.
- Aprobarase unha memoria económica co seu traslado aos orzamentos para facilitar a súa total aplicación.
- Estabelecerase a lexislación necesaria para garantir os medios e recursos suficientes para asegurar a súa posta en marcha.
- Cada dous cursos realizarase unha avaliación do estado de aplicación do plan de normalización e do uso do galego por parte do alumnado e do profesorado. Arbitraranse as correccións e adaptacións necesarias para que se consigan os obxectivos marcados.
- A administración educativa galega velará pola aplicación práctica e o cumprimento deste modelo de normalización. A súa posta en marcha será unha acción estratéxica do goberno galego e o seu cumprimento un obxectivo prioritario.
- A Xunta de Galiza levará a cabo unha campaña de información e sensibilización no conxunto da sociedade sobre o alcance e importancia deste modelo para devolverlle ao noso idioma o status que lle corresponde. Así mesmo, programará unha ampla información específica tanto para ANPAS e familias como para persoal non docente.

- O modelo de normalización contará co apoio, os soportes necesarios, as estratexias precisas, as medidas pedagóxicas oportunas e unha metodoloxía innovadora para que a total normalización do ensino, a competencia e o uso do idioma polo alumnado sexa unha realidade.
- Procurarase a máxima participación e complicidade da comunidade educativa do centro na posta en marcha do modelo de normalización.
- A administración levará a cabo campañas de sensibilización na sociedade en xeral e, nomeadamente, na comunidade escolar, co obxecto de que asuma como propio este cambio de paradigma para a normalización no sistema educativo.

4.-APLICACIÓN DO MODELO LINGÜÍSTICO NOS DIFERENTES NIVEIS EDUCATIVOS.

- **MODELO A**

O galego será a lingua vehicular de todas as áreas ou materias. Será o modelo a aplicar na maioría dos centros educativos do país.

- **MODELO B (Transitorio)**

.O galego será a lingua vehicular, como mínimo, do 50% das áreas ou materias do alumnado.

EDUCACIÓN INFANTIL

Tendo en conta a situación sociolingüística da contorna dos centros e a lingua do alumnado e das súas familias, o centro acollerase ao modelo A) ou B)

MODELO B (TRANSITORIO)

Aplicarase aos centros e/ou unidades nos que o uso do galego como lingua da contorna do centro e da familia do alumnado sexa moi minoritario.

Como mínimo, a metade da actividade docente desenvolverase en galego.

Este programa será de aplicación minoritaria. Progresivamente irase incrementando para tender a que o ensino sexa totalmente en galego ao final da etapa educativa

Nestes centros poderán implantarse aulas co modelo A) para o alumnado que teña como lingua familiar o galego.

Arbitraranse as medidas, adaptacións e os apoios correspondentes para o alumnado que o precise ou mostre algunha necesidade no desenvolvemento lingüístico.

EDUCACIÓN PRIMARIA. (EP)

MODELO A)

Aplicarase nos centros e/ ou unidades de todo o ensino desta etapa. A lingua vehicular de todas as materias será o galego, agás na materia de Lingua Española.

MODELO B (TRANSITORIO)

Primeiro ciclo (1ºe 2º curso)

Nos centros nos que o uso do galego como lingua do seu contorno e das familias do alumnado sexa moi minoritario, no período transitorio, no primeiro ciclo de EP, a vehiculización do ensino en galego será como mínimo dun 50 % no primeiro curso e un 75 % no segundo.

Segundo ciclo (3º e 4º curso)

Nos centros que se aplique o modelo B) no segundo ciclo de EP establecerase un período transitorio de dous cursos escolares para implementar a totalidade do modelo A). Nos dous cursos deste ciclo vehicularizárase en galego o 75% do ensino.

Arbitraranse as medidas, adaptacións e os apoios correspondentes para o alumnado que o necesite ou mostre algunha necesidade no desenvolvemento lingüístico.

Terceiro ciclo (5º e 6º curso)

Aplicarase nos centros e/ou unidades de todo o ensino desta etapa. A lingua vehicular de todas as materias será o galego, agás na materia de Lingua Española.

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA, BACHARELATO E FP

Nestes niveis educativos todas as materias e módulos, agás a materia de L. Española, impartiranse en galego. Nas linguas estranxeiras a lingua de acompañamento (auxiliar) será o galego.

Contemplanse as medidas e apoios necesarios para o alumnado que amose algunha dificultade no seu desenvolvemento lingüístico.

ETAPA DE TRANSICIÓN DO MODELO B AO A

Para o curso 2020-2021, feitos previamente os estudos sociolingüísticos pertinentes, fíxase o tipo de modelo a aplicar a cada centro de ensino.

Nos centros que se aplique o modelo A o ensino vehicularizárase en galego desde o curso 2020-21. Aplicarase xa ao alumnado que inicie a escolarización para o curso vindeiro.

No período transitorio, estableceranse as estratexias oportunas que permitan unha transición progresiva cara o modelo A.

Estimularase que o profesorado se incorpore o máis axiña posíbel a aplicar na súa totalidade o modelo A de normalización. En todo caso, transcorrido o período transitorio e, previa

formación necesaria, terá que incorporarse a impartir as súas aulas en galego. A falta de capacitación lingüística do profesorado nunca poderá ser excusa para non facer efectivo na súa totalidade o plan de normalización.

Como norma xeral, procurarase que o profesorado que na etapa transitoria imparta as súas clases en español non sexa o mesmo que desenvolva o programa en galego para o mesmo alumnado.

Primeiro ciclo de EP

Nas unidades nas que se fixe o modelo B para o alumnado de primeiro ciclo de EP (1ºe 2º cursos) establececese un período transitorio de catro anos. até o momento de implementar o modelo A

No primeiro ciclo de primaria, na etapa de transición, impartirase, como mínimo, un 50% do ensino en galego no primeiro curso e un 75% no segundo curso.

Segundo ciclo de EP

Nas unidades que se aplique o modelo B no segundo ciclo de EP establececerase un período transitorio de dous cursos escolares para implementar a totalidade do modelo A . Nos dous cursos deste ciclo vehicularizarase en galego, como mínimo, o 75% do ensino.

5.-EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (ENL)

Constituirase unha estrutura de equipos de normalización lingüística a nivel nacional, comarcal e de centro educativo.

Equipo de normalización lingüístico nacional. Estará conformado por membros da administración educativa, por persoal técnico especializado en sociolingüística, representantes dos MRPs e sindicatos do ensino, federacións de ANPAS, representantes de entidades sociais defensoras da lingua e representación dos equipos comarcais. Coordinará

os equipos de normalización comarcais e apoiará os equipos de normalización de centro. Terá as funcións de asesorar, orientar, avaliar e controlar todo o proceso de normalización.

Os equipos de normalización comarcais estarán conformados polos responsábeis dos equipos de normalización dos centros da súa comarca, por persoal técnico especializado en sociolingüística, representantes de entidades sociais defensoras da normalización lingüística, representantes de ANPAS e sindicatos do ensino e representantes dos concellos. Coordinarán, asesorarán e apoiarán os equipos de normalización dos centros no que lles corresponda. Promoverán actividades conxuntas, intercambio de experiencias e accións encamiñadas á normalización do idioma. Velarán e avaliarán a normalización lingüística dos centros da súa comarca.

Os equipos de normalización do centro contarán co asesoramento e apoio técnico necesario. Todos os seus membros recibiran a formación específica para desempeñar a súa función e contarán con redución horaria para desenvolver o seu traballo. Contarán coa dotación económica e cos recursos necesarios. Fixaranse as súa funcións, competencias e composición, atendendo aos niveis e etapas de ensino que imparten no centro e ao número de alumnado matriculado nel. En todo caso, todos os centros constituirán o seu equipo de normalización coa súa coordinadora ou coordinador. A/o docente que teña a atribución de coordinación terá a mesma consideración, a efectos laborais, administrativos e económicos, que o xefe de estudos, coas súas horas de redución do horario lectivo correspondentes.

A administración educativa garantirá a formación técnica en sociolingüística necesaria para que os ENL sexan punto de referencia da normalización lingüística, mostren vontade e empeño en potenciar o uso do noso idioma no centro e sirvan de apoio para facilitar e promover o ensino en galego.

Terán, entre as súas funcións:

- Facer seguimento da aplicación e avaliación do programa de normalización lingüística do centro.
- Participar na determinación do modelo de normalización que inicialmente se debe aplicar no centro.

- Caracterizar, en termos xerais e non ríxidos, cos apoios necesarios, a lingua da contorna do centro e do alumnado de novo ingreso, atendendo aos seguintes factores: os datos achegados polos diferentes estudos, a fala do alumnado e familia, o grao de presenza do galego na contorna do centro e a capacidade de comprensión oral e escrita do noso idioma polo alumnado.
- Fixar as adaptacións oportunas segundo a situación lingüística do centro para conseguir que o alumnado se poida integrar no modelo A).
- Estabelecer as adaptacións ou correccións necesarias para acadar os obxectivos marcados.
- Cooperar e deseñar as estratexias de colaboración co profesorado para que o alumnado que teña dificultades idiomáticas se poida integrar nos primeiros anos de escolaridade no modelo A)
- Aplicar as medidas oportunas para que o alumnado galegofalante escolarizado no modelo B) vexa reforzado o seu uso do galego.

6.-FORMACIÓN DO PROFESORADO

A administración educativa desenvolverá un ambicioso plan de formación do profesorado que abranga a todo o profesorado e materias do currículo. Destinará os recursos necesarios, facilitará a liberación horaria para a súa formación e ampliará o cadro de docentes para facelo posíbel. Así mesmo, promoverá licenzas anuais para a formación sociolingüística e para a elaboración de material curricular e didáctico en galego e en todos os soportes.

Programarase plans de formación específica para o profesorado en cada unha das materias do currículo. A formación será por centro e comarcalizada e en horario lectivo.

Programaranse cursos de formación para todo o profesorado que teñan como obxectivo o coñecemento da nosa cultura, historia, sociolingüística, etc. e procuren actitudes favorábeis do profesorado para o ensino en galego.

Os plans de formación proporcionarán ao profesorado a capacitación necesaria para que contribúa á plena normalización lingüística.

A administración educativa fomentará experiencias que supoñan un avance e consolidación do proceso de normalización no ensino. Promoverá e garantirá a súa continuidade .

Estabeleceranse axudas e convocatorias de licenzas por estudos para a elaboración de material didáctico en galego.

O profesorado de novo ingreso na docencia, no seu período de prácticas, realizará un curso específico para reforzar competencia lingüística en galego da súa materia e a formación sociolingüística e cultural.

Deseñarase un programa de formación específico para a **inspección educativa** que terá como obxectivo primordial dotar a inspección educativa da formación e dos instrumentos acádicos para que favoreza, asesore o profesorado e vele pola aplicación do modelo normalizador.

O **Mestrado** de Profesorado de Secundaria impartirase en galego. Destinaranse 20 créditos a formación sociolingüística e de cultura galega.

Nas **escolas de Maxisterio** e nas facultades que teñan como destino prioritario do seu alumnado a docencia as aulas impartiranse en galego. Fixarase unha etapa transitoria de catro anos para a súa total aplicación. Nos seus plans de estudos contemplarase a necesaria formación sociolingüística e en cultura galega .

En todos os procesos selectivos e **de acceso á función pública** o profesorado estará obrigado a realizar unha das probas, como mínimo, en lingua galega, e nela terá que mostrar competencia oral e escrita para o uso do noso idioma.

Vincularase a oferta das prazas no concurso xeral de traslados coa docencia en galego. As vacantes terán perfil lingüístico.

A administración educativa dentro da súa estrutura administrativo-política contará cunha **Dirección Xeral de Política Lingüística** cuxa función primordial será aplicar e velar polo cumprimento da normalización lingüística no ensino.

7.-MEDIOS E RECURSOS DIDÁCTICOS EN GALEGO

A administración educativa garantirá mediante a elaboración propia e/ou en colaboración con outras entidades os materiais e recursos didácticos necesarios para o ensino en galego para todos os niveis e materias.

Dotaranse todos os centros de material didáctico e pedagógico en galego, de produción audiovisual, informática, documental, científica etc.

Asignaranse aos centros e bibliotecas escolares suficientes libros e material didáctico en galego aplicábel a diferentes áreas e niveis.

Asegurarase a publicación de libros de texto ou manuais en galego para todas as materias e módulos profesionais.